

# CAMPAMENTOS DE VERAN 2018

## CONCELLO DE AMES

### GRANXA ESCOLA KIRIKO de 6 a 16 anos

| <u>Saída de autobuses</u>             | <u>Regreso de autobuses</u>          |
|---------------------------------------|--------------------------------------|
| 28 de agosto                          | 2 de setembro                        |
| 10:30 PAZO DA PEREGRINA. Bertamiráns. | 18:30 CASA DA CULTURA. Milladoiro    |
| 10:45 CASA DA CULTURA. Milladoiro.    | 18:45 PAZO DA PEREGRINA, Bertamiráns |

“El Kiriko” é un centro de Educación Ambiental e de Ocio ubicado no municipio de Fornelos de Montes (Pontevedra). Cunha extensión de 11 hectáreas e instalacións adaptadas para discapacitados e para todo tipo de condicións climatolóxicas, ofrece a nenos, mozos e adultos a oportunidade de disfrutar dun entorno natural único e dos costumes do rural.

#### INSTALACIÓNS

Ademais do edificio principal con capacidade para ata 110 persoas en réxime de albergue e que conta con comedor, cociña, salas de obradoiro e de audiovisuais, sala de lavadora, secadora, etc, no exterior a nave ganadeira e a zona de aviarios, o invernadoiro, a horta biolóxica, piscina, zona deportiva, parque infantil, estanque, carballeira , senda botánica e parque multiaventura.



#### EQUIPO EDUCATIVO

O centro conta cun equipo de monitores-educadores conformado por profesionais do campo do ocio, deportes, pedagogos e educadores que se esforzan por transmitir valores de respecto cara o entorno natural a traveso dun coñecemento máis fondo de este e do disfrute de todo o que nos aporta. Así mesmo, promoven a colaboración entre os nenos e nenas nos campamentos, o xogo limpo, o afán de superación persoal e a tolerancia para unha mellor **convivencia**. **Campamento Granxa Escola El Kiriko (Fornelos de Montes)**

**Nº monitores:** Según ratio de un monitor por cada 10 acampados + 1 coordinadora.

**Monitores acompañantes do concello:** Co fin de servir como nexo de unión entre os nenos e o kiriko e tamén como referencia para os pais, asistirán ao campamento dous monitores do concello de Ames.

**Tipo de campamento:** Estancia con pensión completa en réximen de albergue, en cuartos múltiples con baño, con liteiras equipadas con roupa de cama.

## **HORARIO TIPO**

|       |   |
|-------|---|
| 9:00  | Erguerse e asearse  |
| 9:50  | Almorzo   |
| 10:30 | Asamblea: reunión dos grupos para comentar as actividades do día. |
| 10:50 | Actividades   |
| 14:00 | Xantar  |
| 15:00 | Tempo Libre.  |
| 16:00 | Actividades   |
| 17:30 | Merenda   |
| 18:00 | Actividades   |
| 19:30 | Duchas para Campa Granxeiros                                      |
| 20:15 | Xogos de habilidade e cooperación ou obradoiro.                   |
| 21:00 | Cea   |
| 22:00 | Velada: xogos nocturnos, festa.                                   |
| 24:00 | A Durmir  |

### **ACTIVIDADES DE GRANXA:**

- Actividades do área de animais: Baseadas no contacto directo cos animais da granxa.
  1. Os animais e seus coidados
  2. Xogo do pastoreo: Divertido xogo no que os nenos e nenas se encargarán de reunir e guiar o rebaño de ovellas polos campos ata o lugar do pastoreo.
  3. Actividades de horta (acondicionamento do chan, abonado e semente), Xogos de aprendizaxe das características das prantas aromáticas.

### **ACTIVIDADES DO BOSQUE:**

- Gran xogo de educación ambiental con percorrido polo bosque autóctono (Misión Árbore).
- Xogos de educación ambiental dinámicos: serpes e doniñas, o lobo e as ovellas, pano ecolóxico, etc.
- Obradoiro de reciclaxe ou con elementos do bosque.

### **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

- Actividades de carácter lúdico
  - Dinámicas de colaboración y habilidades pequeno grupo que combinan a diversión e o movemento coa posta a proba do espírito colaborativo.
  - Veladas de animación: xogo nocturno e festa.
  - Grandes xogos tipo xincana.
  - Piscina e xogos acuáticos.

## **NORMAS E RECOMENDACIÓNS**

### **¿QUE TEN QUE LEVAR?**

A roupa deberá ser cómoda e apropiada para o campo (aínda que estamos no verán é ben levar algo de abrigo).

Recomendamos facer a equipaxe diante do neno/a para que este/a no teñan problemas para recoñecer a roupa que leva.

**MOI IMPORTANTE: Debe marcar a roupa, calzado e equipamento para evitar perdas o equívocos.** E moi importante non esquecer este punto, son moitos nenos e nenas xuntos, a maioría aínda non están afeitos a recoller a roupa tan pronto a quitan. Na casa a recoñecen moi ben a súa pero no campamento non lles resulta tan fácil diferenciala doutras prendas similares. Aínda que o último día facemos unha reunión co único fin de repartir a roupa perdida, ao final sempre traemos de volta moita roupa que despois ninguén reclama.

### **PROPOSTA DE EQUIPAXE**

#### **NON É PRECISO SACO DE DURMIR**

- 2 pares de zapatillas, tenis etc.,
- 1 Chanclas
- 1 Chuvasqueiro fino (dependendo do tempo).
- 1 Xersei
- 1 Gorra
- 5 – 6 Camisetas manga curta
- 2 – 3 manga larga
- 1 Pantalón Curto ou saia
- 3 Pantalón longo
- 2 Traxe de baño
- Pixama
- Chándal
- Mudas interiores (mínimo 5 - 6)
- Toalla de aseo e toalla de piscina.
- Neceser completo: cepillo e pasta de dentes, protección solar, repelente contra mosquitos, xel, ....

**NUNHA BOLSA APARTE, MARCADA CO SEU NOMBRE, TRAERÁN OS MEDICAMENTOS (SE OS PRECISASE) CAS INSTRUCCIONES PERTINENTES. ESTA BOLSA DEBERÁ ENTREGARSE AOS MONITORES QUE ACOMPAÑAN AOS NENOS AO CAMPAMENTO.**

### **¿QUE NON PODEN LEVAR?**

Non está permitido levar, xogos electrónicos (videoconsolas, walkmans, mp3,4...), obxectos perigosos nin de valor. No caso de traelos, os monitores estarán autorizados a retiralos ata o remate do campamento.

**Os nenos/as non poderán levar diñeiro, comida nin “Chuches”**

## **COMUNICACIÓN**

**Antes do Campamento:** Para calquera aclaración e ou información **660004665**

**Urxencias durante o campamento:** **986 76 86 00** asuntos que revistan **GRAVIDADE**

Poderá recibir información sobre como está o seu fillo/a en calquera momento, pero si quere **falar con él, deberá chamar DE 15:00 A 16:00 h A OS TELÉFONOS: 986 76 86 00 (3 LÍNEAS)**

**NON É CONVÍNTE PARA OS NENOS/AS CHAMALOS TÓDOLOS DÍAS.**

Para aqueles rapaces que leven móbiles, farase un **banco de móbiles** custodiado polos monitores que so poderán empregar no horario de 15:00 a 16:00 h